

NÚMERO 3// NOVEMBRO 2021

CHÍO

ARRÁN XANSE DÉBEDAS E HONRAS




PACO PESTANA

A REVISTA CULTURAL DIXITAL DE LUGO SEMPRE

Banco en Lugo con praca adicada

**Y EN ESOS DÍAS
DE CENIZA Y CHAPARRONES
COMO HOSTIAZOS,
CRECEN MIS SUEÑOS
EN UNA MADRIGUERA
SIN PESEBRE.**

UN SAPO EN LA SOPA. PACO PESTANA



COA FACHENDA DO LOCAL POR DIANTE

Lugo Sempre ven de acordar a solicitude de convocatoria da "Bienal de escultura Paco Pestana", na súa honra. Na honra da arte lucense.

Mover os motores da cultura local é o primeiro nodo da globalización, e unha implicación directa dos gobernos locais nesta escena, sobrepasa as puras accións administrativas dunha cidade. Igual hai que pensar na natureza da identidade cultural que perseguimos.

Xa é o momento de asumir a promoción cultural local como ferramenta para fortalecer a identidade propia. Tomar esas rendas é un reto do que, é posible, que os nosos gobernantes non sexan quen.

XXXI FESTIVAL DE JAZZ LUGO

5-21
NOV 2021

EVENTO DO MES



CHOVE AZUL EN NOVIEMBRE


MELINA LÓPEZ

Xa vai frío nesta noite de novembro, na que por riba, chove. Dentro, o meu paraugas resulta un estorbo que non sei onde colocar. De fondo, xa se escoita "**Blue train**" de **John Coltrane**, e no lado dianteiro esquerdo do público, dúas siluetas departen, polo baixo, sobre o acertado dun arranxo engadido.

Haruki Murakami é lento nos seus movementos e coloca as mans no regazo, coma quen está disposto a escoitar o sermón dos domingos. Ben podería pasar por outro cliente máis do club, pero é un gran afeccionado ao jazz; tanto que anda a intercambiar impresións con **Julio Cortázar** sobre **Coltrane**, unha noite calquera de novembro no **Clavi** de Lugo.


Seica podería ter sido este un combinado interesante: o mundo onírico de **Murakami**, con algunha fama delirante de **Cortázar**, entre o público do Clavi ou do **Círculo**.

Así é a maxia do jazz: que che permite figurar un escenario cheo de fume, cando xa non se pode fumar; ou pensar nunha quedada entre dous escritores, junkies da música, de conversa no club musical da cidade.



Pensar nun cronopio no Clavi, queda na súa man.

Sexa como sexa: sirvan unha boa copa e suban o volume porque a previa da semana do jazz pode comezar agora mesmo, con esta playlist.



Logo de trinta edicións deste **festival de jazz de Lugo**, na trinta e un, poden acontecer cousas fantásticas.

Estamos no 2021 e , doutra banda, as actuacións de luxo están aseguradas.

Toda a info en : www.jazzlugo.com

LUGO, MIRA PRA ARRIBA II

Foron vostedes quen de erguer os ollos?

Aínda queda moito por descubriren en Lugo. Se alzamos a mirada, seremos quen de atopar recunchos descoñecidos; ou mesmo ver novas perspectivas; lugares, se cadra, nos que nunca reparáramos.

En Outubro iniciamos a andaina fotográfica "**Lugo, mira pra arriba**", da que neste terceiro número de **Chío**, presentamos a segunda entrega. Trátase dunha selección de imaxes, agrupadas arredor da idea de contemplar o que está aí, día a día, pero no que, en moitas ocasións, non somos quen de fixarnos.

Desta vez, contamos coa magnífica colaboración de **Carlos Araujo**, na imaxe (sen título) que abre esta reportaxe especial de novembro.

Carlos Araujo é un apaixonado amante da fotografía. Ata a data, ten exposto as súas fotografías, en Lugo e en Córdoba, abrindo camiños á demanda de moitos, para amosar o seu traballo en outros lugares.

Carlos Araujo é detalle, pequenos e grandes detalles, busca sombras e tamén luces...mira e ve momentos sensibles para plasmar e amosar.



O resto de fotografías desta entrega, teñen por autora a **Melina López**



Catedral. Vista dende Santa María. **Carlos Araujo**

Cubo da muralla romana. Con engadido na copa.



Parellas que son observadas.



Hórreo de outono na ruta das chousas.

Sombras no barrio do Carme.



ACLAREMOS

Chío avanza ao abeiro da asociación cultural e observatorio político, **Lugo Sempre**.

Con respecto aos **contidos** deste número tres de **Chío**:

- **Manifesto**: Extracto de "Un sapo en la sopa" creación de Paco Pestana (tal e como queda sinalado)

- **Notas da editora**: a imaxe da esquerda é da exposición "En el odre y la urbe del laberinto" presentada no Museo Provincial en 2001.

- **Evento do mes**:

José Manuel Peña Romay (Lugo, 1952) é o autor do cartel da XXXI edición do festival de Jazz de Lugo.

Con respecto as **imaxes** aparecidas nesta edición: reiteramos a idea de que todas son imaxes con localización en **Lugo**. As referencias concretas, quedan sinaladas en cada caso.

Aclarar, aclaramos, pero ben é certo que podemos tamén errar. De seren así, pregamos a consideración de todos os lectores/as e que iso, non sexa motivo de abandono, senón o acicate para voltar por aquí.

Coordina e dirixe Chío, Melina López

